



Presentación en Vigo da obra *As Letras Galegas na Encrucillada*

Raquel Gómez Fuentes

O pasado venres 18 de xaneiro de 2019, tivo lugar nos locais da parroquia do Sagrado Corazón de Xesús de Vigo, a presentación do Libro *As Letras Galegas na Encrucillada*.

Un dos obxectivos deste acto foi dar a coñecer e facer presente a Revista *Encrucillada*. Desta parte encargouse maxistralmente Antón Gómez.

O segundo momento centrose na presentación do libro. Interveu en primeiro lugar Santiago González Avión que fixo unha reflexión acerca dos dous pés sobre os que camiña o libro: a Fe e a Galeguidade.

E a continuación interveu Xesús Portas Ferro, un dos impulsores deste traballo de recompilación e o autor que máis artigos achega a el. Puxo de manifesto as diferenzas entre os autores presentes en *Encrucillada*, que van dende os membros do Consello de redacción da revista ata persoas claramente afastadas da Igrexa. Tamén

salientou a importancia da espiritualidade en moitos dos autores homenaxeados nas Letras, en particular, falou de Rosalía e de Ramón Cabanillas. Resaltando que os artigos comezaran cando se lle dedicou o Día das Letras ó crego Antonio López Ferreiro (1978).

E, por último, Emilio González Avión fixo un pequeno achegamento á figura de Antonio Fraguas, como apertura do ano en que a Academia lle dedica o Día das Letras á este autor pontevedrés. Apuntou dúas cuestións da súa traxectoria intelectual: a súa procedencia rural (Loureiro, Cotobade), polo que foi coñecido como «o da aldea»; e o seu compromiso coa cultura popular (foi recompilador dunha chea de tradicións e cantigas).

A parroquia do Sagrado Corazón contribuíu así –unha vez máis– a retomar esa relación entre fe e galeguidade, na que fai fincapé a obra.

Raquel Gómez Fuentes